



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE XULLO DE 2023

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 27 de xullo de 2023, reúnen, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dona Raquel Lema Allo (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (UNIDAS PODEMOS)

Non asiste Dona Sandra Mouzo Pose (PP)

Actúa como secretario-interventor acumulado deste concello, Don Francisco Javier Novoa Juiz.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións anteriores de datas: 17/06/2023, 26/06/2023 e 04/07/2023

Dase conta dos borradores das actas de 17/06/2023, 26/06/2023 e 04/07/2023 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Don Fernando del Moral Regaldíe observa que nos borradores figura o seu grupo político como UNIDAS PODEMOS -ESQUERDA UNIDA, sendo unicamente UNIDAS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PODEMOS.

Con esta rectificación , quedan aprobados os borradores citados.

2.- Aprobación, se procede, da participación na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2023

Incorpórase á sesión a concelleira do PP, Sandra Mouzo Pose

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023

Expte. Admvo. Núm. 2023/A008/000030

A Deputación da Coruña publicou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2023” no BOP núm. 228 de 01/12/2022.

A Deputación Provincial da Coruña enviou a este concello con data do 17/04/2023 circular mediante a que se comunicaba que a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 2/2023 polo reparto desta maior achega provincial por importe de 42.000.000,00 € é de 235.376,89 euros.

E con data do 15/06/2023, envía circular específica sobre a elaboración do POS+ Adicional 2/2023 por maior achega da Deputación. Nesta circular especificase que:

“[...] Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2023, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:

- Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2023, segundo se definen na Base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo concello.
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2023 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2023 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.[...]”

Por Resolución de Alcaldía núm. 600/2023, de data 13/07/2023 acordouse participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023, na primeira fase, ao que se aplicou un importe de 171.773,88 euros, quedando pendente de aplicar para a segunda fase un importe de 63.603,01 €.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Con respecto a este plan, fórmase a seguinte proposta ao Pleno:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	63.603,01 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na primeira fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Vista a proposta, D. Xosé Manuel Pose Lema pregunta dentro dos gastos a financiar, para que son os 63.000 euros do capítulo 2 do orzamento de gastos. O Alcalde-Presidente contesta que para auga e luz.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 10 (6 PP, 3 BNG e 1 (PSde G-PSOE)

ABSTENCIÓNS: 1 UNIDAS PODEMOS

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

3.- Aprobación, se procede, da aprobación do proxecto técnico de execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanela – Traba, así como delegar na Alcaldía o procedemento de contratación da dita obra

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do "Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleo rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe", acordo de non división en lotes e delegación de competencias.

Expte. Admvo. Núm.: 2023/C003/000007

Á vista do proxecto técnico para a execución das citadas obras denominado "Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleo rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe", redactado polo técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), en



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

setembro de 2022, por un valor estimado de 371.896,80 euros, con 78.098,33 euros de IVE, facendo un importe total de 449.995,13 euros.

Á vista do informe técnico municipal de D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), de data 02/05/2023 en relación ao citado proxecto no que se conclúe que se "trata dunha obra completa e non se realizará a división en lotes, dado que a realización independente das diferentes partidas do proxecto dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, conforme ao establecido no artigo 99.3 b) da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público".

Á vista da Resolución de Alcaldía núm. 380/2023, de data 03/05/2023, pola que se aprobou o "Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe", tendo en conta que, neste caso concreto, e debido ao valor estimado do contrato en relación coa porcentaxe establecida na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, non sería o órgano competente para a súa aprobación.

No que respecta á aprobación deste proxecto e ao acordo para non dividir en lotes a súa execución, e tendo en conta as competencias en materia de contratación das entidades locais especificadas na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, fórmulase a seguinte proposta ao Pleno:

PROPOSTAS:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto da obra denominado "Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe", redactado polo técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), en setembro de 2022, por un valor estimado de 371.896,80 euros, con 78.098,33 euros de IVE, facendo un importe total de 449.995,13 euros.

SEGUNDO.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto, dado que a realización independente das diferentes partidas do proxecto dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, conforme ao establecido no artigo 99.3 b) da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	449.995,13 €

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía deste Concello a aprobación do expediente de contratación para licitar a obra, así como a súa licitación, adxudicación, efectos, modificación e extinción, en base ao establecido no artigo 22.4 la Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e segundo as indicacións do artigo 51 e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación coa disposición Adicional 2ª 1.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Ordenar a publicación da devandita delegación no Boletín Oficial da Provincia, en base ao establecido no artigo 9 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

QUINTO.- Convalidar a Resolución de Alcaldía núm. 380/2023, de data 03/05/2023, pola que se aprobou o "Proxecto técnico de execución de redes de saneamento no núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe", considerando procedente a aplicación da regra xeral de aplicación da anulabilidade, co obxectivo de cumprir cos principios de celeridade e conservación de actos."

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 10 (6 PP, 3 BNG e 1 PSde G-PSOE)

ABSTENCIÓNS: 1 UNIDAS PODEMOS

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

4.- Proposta non dictaminada da aprobación da conta xeral do orzamento de 2022

Ó non ser ditaminado o acordo de xeito preceptivo pola Comisión Especial de Contas, o secretario explica que deberá votarse a súa inclusión para debate e votación por maioría simple dos presentes.

Pásase á votación da inclusión co seguinte resultado favorable:

A FAVOR: 9 (6 PP e 3 BNG)

ABSTENCIÓNS: 2 (1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2022

Dase conta seguidamente do estado de tramitación do expediente incoado para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2022, e nomeadamente do ditame previo favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas de 7 de xuño de 2023, e da súa exposición ao público mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 111, de 13 de xuño de 2023, sen que se presentasen ao efecto reclamacións.

A vista do disposto nos artigos 212 e 223, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2022 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente."



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 PP

EN CONTRA: 1 (UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 4 (3 BNG e 1 PSde G-PSOE)

Queda por tanto aprobado o acordo proposto.

5.- Proposta non dictaminada da aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 19/2023

Ó non ser ditaminado o acordo de xeito preceptivo pola Comisión Especial de Contas, ó entender que se constituí con carácter permanente para asuntos económicos e orzamentarios, o secretario explica que deberá votarse a súa inclusión para debate e votación por maioría simple dos presentes.

Pásase á votación da inclusión co seguinte resultado favorable:

A FAVOR: 9 (6 PP e 3 BNG)

ABSTENCIÓNS: 2 (1 PSdeG-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N° 19/2023, AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023 (PRORROGADO DE 2022)

EXPEDIENTE N° 2023/T002/000019

Sométese á aprobación do Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos n° 19/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 17/07/2023, que consta no citado expediente.

Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención acumulada desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte
A C O R D O

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n° 19/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2023 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 17/07/2023, que a continuación se indica:

Altas en aplicacións de gastos

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Progr	Económica				
165	623.01	<u>Alumeado público. Instalacións.</u> Ampliación e melloras no alumeado público en distintos puntos do concello.	0,00	44.710,72	44.710,72
320	480.00	Admón. xeral de educación. A familias e institucións sen fins de lucro. Concesión de subvención ao CPI Cabo da Area, Laxe, para camisetas conmemorativas do 50 aniversario.	0,00	2.000,00	2.000,00
334	641.00	<u>Promoción cultural. Gastos en aplicacións informáticas.</u> Cantidade necesaria para aportación municipal á subvención concedida para o Museo do Mar (adquisición de aplicación catálogo inventario en formato dixital).	0,00	1.000,00	1.000,00
338	480.00	<u>Festas populares e festexos.</u> A familias e institucións sen fins de lucro. Concesión de subvencións para a organización de festas populares e festexos.no municipio.	0,00	10.000,00	10.000,00
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS			0,00	57.710,72	57.710,72

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais antes este expediente	Suplementos de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

1531	221.99	<u>Acceso a núcleos de poboación. Reparacións, mantemento e conservación de infraestructuras e bens naturais destinados ao uso xeral.</u> Cantidade necesaria para maior gasto de subministros de materiais de reparacións de viais municipais..	6.000,00	10.000,00	16.000,00
1531	619.00	<u>Acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> aportación municipal subvención AGADER Plan de Mellora de camiños de titularidade municipal.	99.846,59	2.807,29	102.653,88
1532	619.00	<u>Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> Melloras realizadas no acondicionamento da rúa Sol, neste Concello.	38.898,50	14.764,82	53.663,32
161	629.00	<u>Abastecemento domiciliario de auga. Outros investimentos asociados ao funcionamento operativo dos Servizos.</u> Ampliación da rede de abastecemento de auga no lugar de Boaña, Traba de Laxe.	9.435,57	7.123,19	16.558,76
165	221.00	<u>Alumeado público. Subministros. Enerxía eléctrica.</u> Cantidade necesaria para maior gasto en subministro de enerxía eléctrica en alumeados públicos	139.510,32	30.000,00	169.510,32



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

171	619.00	<u>Parques e xardíns. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> Aportación municipal á subvención para o proxecto “Mellora do parque infantil da praza dos Voluntarios”, Laxe.	40.000,00	21.551,77	61.551,77
320	221.00	<u>Admón. xeral de educación. Subministros. Enerxía eléctrica.</u> Cantidade necesaria para maior gasto en subministro de enerxía eléctrica no C.P.I. Cabo de Area, Laxe.	20.000,00	30.000,00	50.000,00
334	221.00	<u>Promoción cultural. Subministros. Enerxía eléctrica.</u> Cantidade necesaria para maior gasto en subministro de enerxía eléctrica en edificios culturais.	2.200,00	8.000,00	10.200,00
334	625.00	<u>Promoción cultural. Mobiliario</u> -aportación municipal á subvención concedida para o Museo do Mar (vinilos).	6.200,00	1.500,00	7.700,00
334	633.00	<u>Promoción cultural. Investimentos de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, instalacións e utillaxe.</u> Cantidade necesaria para aportación municipal á subvención concedida para mellora da accesibilidade, acondicionamento e equipo informático_BPM (accesibilidade e acondicionamento edificio Salón de Actos e Biblioteca).	334,66	3.610,67	3.945,33



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

340	221.00	<u>Admon. Xeral deportes. Subministros. Enerxía eléctrica.</u> Cantidade necesaria para maior gasto en subministro de enerxía eléctrica en edificios deportivos.	6.000,00	6.000,00	12.000,00
453	619.00	<u>Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> Cantidade necesaria para maior gasto na contratación das obras de Mellora vial municipal desde Castrelo ata merendeiro de A Braña.	145.456,85	8.762,59	154.219,44
454	619.00	<u>Camións veciñais. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</u> Cantidade necesaria para: 1-reparación de camiños en Matío, Nande (22.600,28€) 2-reparación de camiños en Mordomo, Traba de Laxe, (4.513,30€) 3- acondicionamento de camino no lugar de Rens (Nande) para facilitar o paso de vehículos tales como o camión de recollida de lixo, tractores (7.804,50€). 4- aportación municipal subvención AGADER Plan de Mellora de camiños de titularidade municipal (7.274,68€)	214.164,54	42.192,86	256.357,40
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			186.313,19		

RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	57.710,72
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	186.313,19
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS	244.023,91

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	244.023,91
			TOTAL	244.023,91

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 19/2023, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2023 (prorrogado de 2023), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 19/2023, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

Don Xosé Manuel Pose Lema solicita aclaración respecto algunhas partidas afectadas como os 10.000 euros destinados a festexos, os 14.764 dunha obra de asfaltado, 21.571 respecto a un gasto de inversión entre outros.

O Alcalde-Presidente explica que o gasto de festexos e para ás comisións de festas.

Don Eulogio Castiñeira traslada respecto ás dúbidas presentadas que houbo que picar formigón e facer melloras e hai obras que aínda se van licitar á espera das autorizacións pertinentes.

Don Xosé Manuel Pose Lema pregunta respecto á financiación vinculada á biblioteca.

Don Fernando del Moral Regaldie sinala que debería haber informes de intervención e tesorería, e o secretario confirma a existencia de informe de intervención



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

favorable.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 9 (6 PP e 3 BNG)

EN CONTRA: 1 UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 1 PSde G-PSOE

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

6.- Mocións:

6.1 Moción presentada polo PSdeG-PSOE en canto á proposta de restricións ao tráfico rodado en algunhas rúas do concello

O concelleiro do PsdeG-PSOE de Laxe, Francisco José Vidal Castro, explica a seguinte moción:

“MOCION: que presenta o concelleiro do PSdeG PSOE no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, para a inclusión no pleno ordinario do 27 de Xullo de 2023, con a proposta de restricións ao tráfico rodado en algunhas rúas do concello.

EXPON:

Que debido ao aumento do tráfico rodado nos meses de verán no concello de Laxe, e ante os inconvenientes que provocan este aumento do tráfico e a ausencia de prazas de aparcamento no casco urbano.

PROPON:

Que se tomen os seguintes acordos:

Aumentar as prazas de aparcamento no concello en “aparcamentos disuasorios provisionais”, que contribúan a solucionar o problema e reducir o tráfico no casco urbano.

Para elo se propoñen as seguintes alternativas:

- C) Instalar aparcamentos disuasorios nos accesos ao concello, en zonas libres, negociando se fora necesario cos propietarios para convertelos en aparcamentos provisionais.
- D) Autorizar o aparcamento regulado na Praza dos Voluntarios, restrinxindo ao fin de semana. (Actualmente autorízase a os vehículos dos feirantes do mercadillo semanal).



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- E) *Restringir o acceso ao centro urbano dos vehículos “Non Residentes”, instalando barreiras nos accesos ao centro urbano.*
- F) *Exixir a “Portos de Galicia” a restrición do acceso a os “Vehículos Non Autorizados” ao porto de Laxe en cumprimento de: Ley 6/2017 de 12 de Decembre, de Portos de Galicia. Sección 2ª – Artigo 55, 56.”*

Don Fernando del Moral Regaldíe está conforme á proposta con algún matiz en relación coas zonas privadas e peoniles.

Don Xosé Manuel Pose Lema traslada que no ano 2013 presentou o seu grupo un plan de tráfico ambicioso e que os aparcamentos disuarios son un brindis ó sol, debendo habilitar comodatos de xeito que o dono siga sendo o dono da parcela. Ditos aparcamentos deben ser obrigatorios porque iso e o que contén o concepto de disuasorio.

O Alcalde-Presidente di que se tivo reunións cos propietarios para chegar a acordos e que a Praza dos Voluntarios non a ve para aparcarse e as barreiras tampouco.

Don Francisco José Vidal Castro sinala que a lei de portos prohíbe aparcarse en portos, e así morreu xente caendo ó mar.

Don Francisco Charlín Oróns alude a que xa hai suficiente aparcamento disuasorio e na Praza dos Voluntarios chegan os nenos e se adoptaron medidas como habilitar sitio para caravanas, cambiar vallas, prohibir a circulación no cemiterio ...

Don Fernando del Moral Regaldía comenta que hai que redirixir á xente e que non queden en portos.

Don Xosé Manuel Pose Lema di que no goberno de coalición non era a súa competencia pero formulou estas ideas que non prosperaron.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 1 PSde G-PSOE

EN CONTRA: 6 PP

ABSTENCIÓNS: 4 (3 BNG E 1 UNIDAS PODEMOS)

Queda por tanto rexeitada a proposta presentada.

6.2 Moción presentada polo PsdeG-PSOE en canto á proposta de reubicación dos contenedores de lixo nalgunhas rúas do concello

O concelleiro do PsdeG-PSOE de Laxe, Francisco José Vidal Castro, explica a seguinte moción:

“MOCION: *que presenta o concelleiro do PsdeG PSOE no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais para a inclusión no pleno ordinario do 27 de Xullo de 2023, Con a proposta de reubicación dos contenedores de Lixo en algunhas rúas do concello*

EXPON:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Que debido a proximidade da temporada de verán na que o concello de Laxe aumenta o número de Turistas e visitantes, os problemas de masificación afectan a varios servicios así como a o desenrolo da vida normal dos cidadáns.

Un dos problemas mais significativos e o do Servicio de Recollida de Lixo, mais concretamente o estado no que se encontran os contenedores de recollida en determinados lugares do concello, e sobre todo os situados no Paseo Marítimo no tramo que vai na Rúa Rosalía de Castro entre a Farmacia e o Peirao, e os situados no cruce das Rúas Rosalía de Castro e Cesáreo Ponal, nas inmediacións do Supermercado Eroski. Os **CONTENEDORES DE LIXO** dispostos para elo son un foco de insalubridade e malos olores ademais de afean e dar unha imaxe terceiro-mundista da zona mais visitada por os turistas e visitantes durante o período estival. Dadas as competencias municipais en materia de Saúde Pública, Ornato e Limpeza, solicitamos o goberno municipal que tome medida urxentes para solucionar este problema que nos afecta sobre todo na temporada estival.

Por todo isto exposto:

PROPON:

Que se tomen os seguintes acordos:

1. **RETIRADA TOTAL** de todo tipo de contenedores de recollida, incluíndo aqueles dedicados a recollida selectiva de VIDRO ou CARTON, ACEITES,..etc... no tramo descrito do Paseo Marítimo.

Como medida provisional suxerimos **REUBICAR** os devanditos contenedores en outras localizacións próximas que sexan menos rechamantes pero que poidan ser accesibles a os servicios de recollida.

Propoñemos para elo a seguintes alternativas:

2. **REUBICAR** Os contenedores nas seguintes ubicacions:
 - a. **CONTENEDORES DO PASEO MARITIMO**
 - Praza do antigo mercado municipal, Rúa Cantón,
 - Explanada do Peirao (Muelle Vello) na zona adxacente a caseta da maquinaria do carro varadoiro. (Previa consulta e autorización de Portos de Galicia, aínda que na actualidade algún dos contenedores xa están en zona de Servicio Portuario)

Estas dúas localizacións darían servicio sobre todo a os negocios de Hostalaría cércanos, con unha distancia máxima de 150 metros dende as localizacións propostas e o local de hostalaría mais lonxe.

Para estas dúas localizacións poderían instalarse barreiras visuais para OCULTAR de algún xeito os contenedores.

Os contenedores de Residuos Orgánicos situaranse así mesmo nas mesmas localizacións, pero ademais poderíanse implementar outras alternativas que describimos a continuación:

- Os negocios de hostalaría gardarían os residuos orgánicos no interior dos seus locais en almacéns o espazos destinados, e serían depositados no exterior dos negocios a hora de peche dos mesmos, para que sexan retirados por os servicios municipais no horario habitual.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *A mesma solución podería aplicarse a os edificios do Paseo Marítimo e que teñen a súa fachada principal ao paseo así como o acceso as vivendas. Sería a Comunidade de Veciños a encargada de proveer o espazo axeitado no propio edificio para os contenedores, ademais de situalos no exterior do edificio no horario adecuado para a súa recollida.*

b. CONTENEDORES NA RUA CESAREO PONDAL:

*Utilizar o xardín existente na confluencia das rúas Rosalía de Castro e Cesáreo Pondal para instalar un **ESPAZO ADICADO** para a reubicación dos contenedores, poderíase chamar “Punto Verde”, para elo deberíase facer unha plataforma de formigón con drenaxe ao sumidoiros próximos, de superficie suficiente para a cabida de os diferentes e necesarios contenedores, (Orgánicos, Cartón, Vidro...etc.).*

Este espáceo debe cerrarse con barreira visual, en este caso poderíase aproveitar o xardín existente para plantar unha barreira vexetal, como por exemplo, de Tullas. A realización de estes “Puntos Verdes”, ademais de contribuír a o illamento visual e estético dos contenedores, aumentaría as prazas de aparcamento que ocupan na actualidades

Estas medidas deberían implantarse de inmediato antes da afluencia de turistas, e manterse de maneira temporal para a temporada de verán, sen perxuício de que deban implantarse de maneira definitiva en todo o concello, en cumprimento da directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, (Directiva Marco de Residuos) e descrito na Ley 7/2022 do 8 de Abril de Residuos y suelos contaminados para una economía circular, coa creación de estes “Puntos Verdes” de recollida como o descrito anteriormente, e situados en lugares accesibles aos camións de recollida que eviten manobras innecesarias de estes camións e optimizando o tempo de recollida.”

Don Fernando del Moral está dacordo pero pide concretar o punto das rúa de Rosalía de Castro e Cesáreo Pondal.

Don Xosé Manuel Pose di que no 2018 tiveron reunión con hosteleiros para solucionar este problema e o consenso foi total salvo por un deles e o partido socialista e non se puido firmar convenio con Ecoembes.

Don Francisco José Vidal destaca que el non estaba no Psoe nesa época e de feito non pertence a este partido como militante sendo independente, e que hai que mirar cara adiante e non cara atrás.

O Alcalde-Presidente pensa que estamos ante ámbitos da prestación do servizo que se trata de mellorar e non está dacordo coas propostas presentadas.

Don Francisco Charlín, destaca que o número de contenedores e moi alto e se recolle moita basura tódolos días quedando baleiros.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 2 (1 PSde G-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 6 PP

ABSTENCIÓNS: 3 BNG



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Queda por tanto rexeitada a proposta presentada.

6.3 Moción presentada polo PsdeG-PSOE en canto á gravación en vídeo dos plenos municipais e a inclusión destes na páxina web do Concello para a súa visualización

O concelleiro do PsdeG-PSOE de Laxe, Francisco José Vidal Castro, explica a seguinte moción:

“Moción.

Que presenta o concelleiro do PsdeG PSOE no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, para a inclusión no pleno ordinario do 27 de Xulio de 2023, Por a que se solicita a Gravación en Vídeo dos plenos Municipais e a inclusión de estes na paxina WEB do Concello para a súa visualización.

EXPON:

Que dado a o carácter “Público” das sesións dos Plenos nos concellos, e a tendencia actual en todo o estado Español a gravar os devanditos plenos en algún dos sistemas de gravación de vídeo e publicación informática, e para evitar que os asistentes ao pleno interfiran o desenrolo das sesións con as súas gravacións.

Por todo isto exposto:

PROPON:

Que se tomen os seguintes acordos:

Se instale un sistema de cámaras, micrófonos e o equipamento necesario para gravar as sesións plenarias no concello de Laxe, e sexan emitidas en directo (Streaming) e “a posteriori” accesibles accedendo a Paxina web do concello.

Existen diferentes métodos e empresas que poden asesorar e instalar o devandito sistema, realizando o proceso completo de gravación – emisión.”

Don Xosé Manuel Pose entende que os micros non serían necesarios e que hai medios propios para facelo.

Don Fernando del Moral está dacordo pero o ve insuficiente en relación coa transparencia.

O Alcalde-Presidente traslada que se fará estudio orzamentario pero agora non se pode levar a cabo.

Pásase á votación do asunto obtendo o seguinte resultado:

A FAVOR: 5 (3 BNG, 1 PSde G-PSOE e 1 UNIDAS PODEMOS)

EN CONTRA: 6 PP

Queda por tanto rexeitada a proposta presentada.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

6.4 Moción presentada polo PsdeG-PSOE en canto á defensa do servizo básico e esencial da educación pública

O concelleiro do PsdeG-PSOE de Laxe, Francisco José Vidal Castro, explica a seguinte moción:

“MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de LAXE de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno ordinario do 27 de Xulio de 2023 a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematado o curso escolar 2022-2023 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade.

Recordamos que este curso comezou complexo para as familias coas consecuencias económicas da guerra de Ucraína. Neste aspecto a Xunta de Galicia esqueceuse das familias completamente á diferenza do goberno de España que impulsou adiante do pago das **becas** e unha **axuda complementaria** de 400€ coa intención de reducir o impacto económico derivado da invasión de Ucraína no custoso inicio de curso. **Suspense da Xunta de Galicia** en apoio extraordinario en momento de dificultade derivados da guerra de Ucraína.

A política actual do Partido Popular limitouse a **axudas mínimas** ás rendas baixas e alumnado con necesidades específicas e apoio educativo (**NEAE**), axudas ridículas para material escolar que **nin cobren o custo dos libros de texto**, nin son universais. Pódese dicir que **a Xunta de Galicia tivo abandonada ás familias máis necesitadas** durante este curso a pesar dos fondos recibidos do goberno do Estado para estes fins. **Suspense da Xunta de Galicia** en políticas de axudas e becas.

Neste curso tamén se puxo en marcha a reforma do sistema educativo propiciado pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación** (en adiante LOMLOE), que é **clave para a modernización da educación deste país**. A Xunta de Galicia opúxose a esta nova lei educativa caracterizándose como unha comunidade autónoma que non quer modernizarse e poñendo trabas en todo momento dificultando a súa posta en marcha a toda comunidade educativa. Nesta materia tamén temos que dicir que **a Xunta de Galicia suspende** claramente xa que foi a única entidade que obstaculizou a súa implementación ante a aceptación de toda comunidade educativa (sindicatos, profesorado, Anpas) que non quere cambio lexislativo e o que si quere é seguir avanzando como sociedade coa LOMLOE.

O único que aproba o Partido Popular é nos recortes educativos, iso dáselle ben a este goberno, sobre todo nas zonas do rural e que este curso tamén chegaron ás grandes cidades. A Xunta de Galicia da as costas ao profesorado e o estudantado deste país, sendo estes só números os cales manexan sempre con intereses para o seu goberno e non tanto para a calidade de vida dos cidadáns.

Os recortes aplicados no inicio do presente curso 2022-23 foron os seguintes:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en **zonas rurais**.
- **A perda de profesorado de apoio** ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.
- O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "**récord**" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.
- **A redución da oferta educativa**: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
- O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os **orientadores**.
- **A implantación de novos módulos de FP sen especialistas** e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes recortes efectuados no inicio do curso 2022-23 **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación**. Os datos din que **hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos**, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento. Por isto temos que dicir que **a Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública.

Neste curso presenciamos o **peche do centro de educación especial "Aspaber"** de Carballo no que as familias demandaron á colaboración da Xunta de Galicia para a continuidade deste centro xa que era moi positivo para a formación dos seus fillos e fillas. Ante esta situación, a consellería de educación non actuou de fronte ás familias e a única solución foi a de mandar os estudantes ás principais cidades da provincia, seguindo as súas políticas de despoboación do rural. Outra opción foi a de matricular o estudantado nun colexio ordinario da zona sen asegurar profesorado especializado nas necesidades educativas de ditos estudantes. En definitiva saen perdendo recursos como fisioterapia ou terapia ocupacional como consecuencia das políticas do partido popular de non querer negociar nin de optar por alternativas que melloren a calidade de vida dos cidadáns. Outro **suspenso para a Xunta de Galicia** en solución de problemas e en posibilitar alternativas de calidade ao alumnado con necesidades educactivas especiais.

En setembro do 2022 esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, **que fixera público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública** (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos **fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas**. En ocultar datos e información si que aproban, pero en transparencia para a cidadanía en materia educativa **a Xunta de Galicia suspende**.

Na valoración final deste curso 2022-2023 a Xunta de Galicia en materia educativa **suspende**, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería **non promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propón a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O Pleno do Concello de LAXE insta á Xunta de Galicia a:

1. A **cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo**, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para **garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación**.
2. A **recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto**.
3. A que **faça público o destino dos fondos extraordinarios para a educación** procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.
4. **Garantir o servizo de transporte escolar para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias**.
5. **Manter como mínimo o mesmo número de profesorado, que o curso 2021-2022 nas escolas galegas rurais.**

Dona María Cristina Vázquez manifesta que o levaban nas preguntas xa que o bus de FP suprimíuse e critica que saíra na prensa antes de saberse e a falla de previsión. O Alcalde-Presidente explica que haberá transporte público para os 6 rapaces, e que nunca se pecharon tantos centros como no bipartito reducíndose as taxas de abandono co PP, tamén hai axudas de libros, cheques para material escolar e demáis. Recóllese a contestación do PP:

“Coa chegada do inicio do curso, **o PSOE/ BNG inciden nas mesmas falacias e mentiras sobre o sistema educativo galego.**

A educación é unha das **políticas públicas fundamentais e desde a Xunta de Galicia**, apostamos por unha educación de **calidade e equidade**. **Pero cales eran as propostas do bipartito?** Podíanse dicir moitas cousas, pero serve con **3 apuntes**:

